


Dous traballadores, pertencentes á CUT e membros do Comité de Empresa, pechados na Reitoría da UDC para que a Universidade cumpra os compromisos adquiridos.



No II Convenio Colectivo acordado no ano 2006 contemplábase dentro das Disposicións Transitorias:

- **Segunda.**-A principios do ano 2007 convocarase unha promoción sen mobilidade das telefonistas do grupo IVB ao grupo IVA.
A Universidade comprométese a establecer, no último cuadrimestre do ano 2006, un calendario negociado co comité de empresa para a promoción de todos os grupos de traballo do grupo IVB ao grupo IVA e ás sucesivas promocións dos grupos laborais afectados (do grupos IVA ao grupo III). Todas as promocións serán sen mobilidade.
Todo o negociado quedará reflectido na RPT do ano 2007 e os procesos derivados dos acordos levaranse a cabo durante a vixencia desta.

Dado que non se executou no seu tempo, no III Convenio Colectivo recolleuse, de novo a Transitoria, tomando como referencia a RPT do ano 2009.

Como vedes o tempo pasa pero disto non se executou nada.

A día de hoxe seguimos á espera de que a Universidade actúe para que esta cláusula do Convenio se leve a efecto.

Xa non podemos agardar máis!.

Reclamamos á Universidade que, de inmediato, poña remate a esta espera.

Tamén lle reclamamos que, como establece a Programación Plurianual e se acordou nos Orzamentos para 2010 se proceda a elevar ao Comité de Empresa unha **proposta de RPT** (que non se incrementa desde o ano 2005) que solvete eses compromisos adquiridos, que solucione as necesidades de persoal que os diferentes servizos veñen padecendo desde fai anos, e que, polo menos, non repercuta negativamente na profesionalización da xestión comprometida polo Reitor no seu programa electoral.

Mentres que isto non teña solución os traballadores pechados non cederemos na nosa actitude.